

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
27/04/2011	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. José María Barja Pérez.Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro. Vicepresidenta</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Luis F. Barral Losada</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D. José Manuel Vilariño Anca D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D<sup>a</sup>Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. José Carrillo Souto</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS</b> D. Francisco Santiáñez Orero D. Antonio Couceiro Méndez</p> <p><b>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS</b> D. Florencio Cardador Canelo</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

<b>ACORDOS ADOPTADOS</b>
- Apróbase da acta correspondente á sesión do 21 de Decembro de 2010.
- Apróbase a revisión e actualización do Plano Operativo do Consello Social da UDC.
- Apróbase a creación dos premios do Consello Social "IMPULSO UDC", ás unidades de investigación máis competitivas da propia UDC e "CONFIANZA UDC", ao compromiso social das empresas coa Universidade, e así como a delegación na Comisión Temporal de Relacións Universidade-Sociedade da elaboración das bases reguladoras e os trámites sucesivos que se realicen en relación cos ditos premios.
-
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a contratación dunha auditoría externa para o exame das contas da UDC correspondentes ao exercicio 2010.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 3.2 i) do regulamento de organización e funcionamento do Consellos Social da Universidade da Coruña, a aceptación dunha doazón de 65.000 euros procedentes da organización do XXXII Congreso Nacional de Estatística e Investigación Operativa e das VI Xornadas de Estatística Pública.
- Acórdanse as propostas de creación, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia dos programas doutoramento para o curso 2011/2012 nos seguintes termos:
- Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades (Programa interuniversitario a desenvolver en colaboración coa Universidade Complutense de Madrid)
- Socioloxía
- Biotecnoloxía (Programa interuniversitario a desenvolver en colaboración coa Universidade de Vigo)

- |  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acórdase a aprobación dos seguintes cambios para dous mestrados universitarios solicitados para implantar no curso 2011/12, ao abeiro do disposto no art.5 c) da Lei do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia:</li> <li>- Para o Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade, nas especialidades de español, inglés e galego e portugués, propónse como nova denominación "Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade".</li> <li>- Para o Mestrado Universitario en Ciencias Sociosanitarias propónse como nova Denominación "Mestrado en Investigación, Ordenación e Avaliación de Servizos Sociosanitarios".</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apóbase a proposta á Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no art. 5 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia do cambio de denominación da E.U de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol polo de Facultade de Enfermaría e Podoloxía.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apróbase a asignación individual dos complementos autonómicos ao labor docente e investigador do profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG o 18 do febreiro de 2011, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apróbase, nos termos fixados pola normativa de aplicación, e ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, a asignación individual do complemento autonómico de recoñecemento polos cargos de xestión ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 24 de marzo de 2011.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apóbase, nos termos fixados pola normativa de aplicación, e ao abeiro do disposto no Art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, a asignación individual de complementos autonómicos ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 29 de marzo de 2011.</li> </ul>   |